

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE e ABBOTT ESPAÑA PARA A CREACIÓN DE VARIAS PÍLDORAS FORMATIVAS E-LEARNING SOBRE DIABETES E O USO DE SENSORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Abbott España formalizaron o día 02.12.2024 o instrumento convencional arriba referido, o cal estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre as partes de cara á realización de actividades de interese xeral co obxecto de apoiar aos pacientes diabéticos co fin de mellorar a súa calidade de vida e favorecer o tratamento da súa condición. Neste sentido, impulsarase a creación de varias píldoras formativas e-learning sobre diabetes e uso de sensores a prescribir polos profesionais do Servizo Galego de Saúde e as súas aplicacións móbiles, a aplicación móbil SergasDiabetes e TELEA (plataforma tecnoloxía de teleasistencia), para así mellorar o manexo e a comprensión desta enfermidade.

Ao tratarse dun convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, Abbott España apoia a iniciativa colaborando mediante a achega da cantidade de 7.000 €, destinada á elaboración e edición do material formativo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.